


COMPOSTA
MORRAZO!

Se tes xardín ou horta, solicita xa o teu composteiro e comeza a crear o teu propio fertilizante natural.



SOLICITA DE BALDE O TEU COMPOSTEIRO

Achégate ao teu concello ou fai a solicitude no seguinte formulario:



Para máis información, visita a nosa páxina mancomunidadedomorrazo.com ou contacta no correo info@mancomunidadedomorrazo.gal

QUE É UN COMPOSTEIRO?

O composteiro é o recipiente que permite converter os restos de comida e vexetais (biorresiduos) nun fertilizante natural, o compost.

Ten uns ocos que permiten a entrada de osíxeno desde o exterior, unha tapa superior para evitar a entrada de auga da chuva e unha apertura lateral para retirar o produto final.

5 COUSAS A TER EN CONTA

1



Coloca o composteiro preto e protexido

Se podes, é mellor colocalo a carón dun muro ou baixo a sombra dunha árbore para protexelo do vento, do sol e da chuva. Por comodidade, recoméndase escoller un sitio próximo á vivenda.

2



Mantén o composteiro en contacto directo coa terra

Para que os organismos descompoñedores teñan un acceso máis doado ao interior do composteiro. Non se debe poñer sobre asfalto ou outro pavimento, xa que impediría a colonización destes organismos. É recomendable instalar na base unha malla metálica para impedir a entrada de pequenos roedores.

3



Que é o estruturante?

Antes de comezar a depositar os restos orgánicos hai que poñer unha capa duns poucos centímetros de estruturante (triturado de madeira ou restos de poda) para favorecer a aireación e a drenaxe dos residuos.

4



Cubre os restos co estruturante

Cada vez que botes restos de comida, has de cubrilos ben cos restos de poda secos (estruturante) de maneira que non queden á vista. Este é un paso fundamental que haberá que repetir sempre que aportes restos ao composteiro.

5



Remexe e controla a humidade

Unha vez á semana é recomendable remexelo para evitar que se compacte e aportar aire. Se o material está moi seco, debes engadir auga aos poucos.